

## Á TITULAR DA CONSELLARÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con DNI [\_\_\_\_], veciño/a de \_\_\_\_\_ con domicilio a efectos de notificacións en [ENDEREZO COMPLETO], e correo electrónico [\_\_\_\_], comparece e, como mellor proceda en Dereito, **EXPÓN:**

1. Que con data [data da notificación] recibín notificación da resolución da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético pola que se **denega o recoñecemento da miña condición de persoa interesada** no procedemento relativo ao proxecto dunha planta de produción de fibras téxtiles a base de celulosa en Palas de Rei (Lugo), promovido por Greenfiber, S.L., declarado Proxecto Industrial Estratéxico (PIE) polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29 de decembro de 2022.

2. Que mediante este escrito, e ao abeiro dos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **interpoño RECURSO DE ALZADA** contra a mencionada resolución, con base nas seguintes

### ALEGACIÓNS

#### Primeira. Lexitimación activa e relación material directa co obxecto do procedemento

A resolución impugnada nega a existencia dunha relación material unívoca entre quen subscribe e o obxecto do procedemento. Porén, esta afirmación **non se axusta á realidade dos feitos nin ao espírito da normativa aplicable**, xa que si existen **elementos concretos e verificables que ligan directamente á persoa recorrente co posible impacto do proxecto industrial autorizado**, e que acreditan unha afectación individual, real e concreta aos seus bens e dereitos.

En concreto: [HAI QUE ESCOLLER OS APLICABLES A CADA CASO CONCRETO]

- A miña vivenda/situación predial atópase a escasa distancia da ubicación prevista para a instalación do proxecto, **o que podería comportar a súa depreciación patrimonial** no caso dunha eventual venda, debido á perda de calidade ambiental, paisaxística ou de salubridade na contorna.
- Dispóñome dun **pozo de auga particular** para consumo doméstico e rega, situado en terreo de propiedade, que podería **verse afectado pola contaminación de acuíferos ou infiltracións derivadas da actividade industrial** e dos residuos xerados pola planta, supoñendo un risco directo para a saúde e para os usos agrícolas que desenvolvo.
- Exerzo actividades de **cultivo hortícola e/ou cría de gando para autoconsumo**, cuxos produtos poderían resultar contaminados ou prexudicados pola emisión de partículas, cheiros, ruídos ou outros axentes contaminantes procedentes da actividade prevista.

Todo o anterior configura, sen lugar a dúbidas, **un interese lexítimo individual e concreto**, tal e como exige a doutrina do Tribunal Supremo, pois a resolución que se

adopte neste procedemento **pode causar un prexuízo real e verificable nos meus bens, saúde e calidade de vida**, mesmo por vía indirecta ou reflexa (véxase STS Sala 3ª, Sección 5ª, Sentenza 1743/2023, de 20 de decembro, Rec. 2388/2022; invocada na Resolución obxecto de recurso; sentenza na que, por certo, outorgase a condición de interesada á parte recorrente).

Contrariamente a dita Resolución, a doutrina xurisprudencial é constante respecto ao recoñecemento de parte interesada e interese lexítimo á cidadanía en procedementos en materia ou efectos medio-ambientais (ao respecto, STS de 10/06/2015; rec.: 2686/2013), en relación á delimitación de intereses directos e, o mais amplo, de lexítimos.

## **Segunda. Dereito á participación pública en materia ambiental**

A denegación do recoñecemento da condición de persoa interesada vulnera o dereito á participación pública, recollido no **Convenio de Aarhus** e desenvolvido pola Lei 27/2006, así como polas Directivas 2011/92/UE e 2010/75/UE. Estas disposicións outorgan aos particulares e comunidades afectadas o dereito a participar, opinar e acceder á información ambiental desde fases iniciais dos procedementos.

Unha participación pública que en materia medio-ambiental *“o dereito á participación cidadá érguese de rango, e convértese nun dos piares fundamentais sobre os que se asenta a regulación vixente neste setcor do ordenamento xurídico”* (STS de 03/07/2015; rec. 3554/2013).

O feito de non recoñecer este dereito impide á persoa recorrente exercer outras facultades legalmente recoñecidas (art. 53 da Lei 39/2015), como o acceso ao expediente ou a participación coa condición de interesada nas restantes fases do procedemento, como é o caso, entre outros, de alegacións previas á resolución sobre a AAI (autorización ambiental integrada).

## **Terceira. Dereito de acción pública en materia urbanística e de protección do patrimonio cultural.**

O interese lexítimo anteriormente alegado vese reforzado e complementado pola afectación de intereses asociados á protección do patrimonio, do urbanismo e da ordenación do territorio, para os cales a lexislación recoñece o dereito de acción pública, sendo compatible a concorrencia de ambos dereitos lexitimadores (STS de 24/01/2001; rec. 9481/1995).

1.-Dispón o art. 5.3 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia que *“Calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, no cumprimento do previsto nesta lei, está lexitimada para actuar ante a Administración pública da Comunidade Autónoma en defensa do patrimonio cultural de Galicia”*.

No mesmo senso, art. 8.2 da Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.

A incidencia e afectación ao patrimonio cultural (en especial ao Camiño de Santiago, Patrimonio da Humanidade) non so foi obxecto de tratamento específico no proxecto

senón que, tal e como consta no expediente administrativo foi obxecto de distintos informes de impacto patrimonial, tanto nos presentados por Greenfiber como polos emitidos pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

En consecuencia, non pode negarse a incidencia que o proxecto vai ter no patrimonio cultural de Galicia. Como tampouco pode denegarse a condición de persoa interesada en exercizo da acción pública en defensa do patrimonio cultural.

2.- Determina o art. 62.1 do RDL 7/2015, de 30 de outubro, de texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana que *“Será pública la acción para exigir ante los órganos administrativos y los Tribunales Contencioso-Administrativos la observancia de la legislación y demás instrumentos de ordenación territorial y urbanística”*.

O procedemento administrativo de referencia ten como obxecto tanto a tramitación ambiental (outorgamento de Autorización Ambiental Integrada, previa Declaración de Impacto Ambiental, xa emitida) como a aprobación do Proxecto Industrial Estratéxico (PIE).

Dito PIE é, a efectos urbanísticos, a prevalencia sobre o planeamento municipal e título habilitante suficiente para a execución das obras, conforme ao previsto nos arts. 70 e 80 do DL 1/2015 do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial.

#### **Cuarta. Resolución contraria á Xurisprudencia respecto do principio de aplicación ampla, flexible e non restritiva da condición de persoa interesada.**

A Resolución infrinxe reiterada interpretación da Xurisprudencia sobre a condición de persoa interesada, ao ser contraria aos principios de aplicación non restritiva e non limitadora de dereitos. Moito mais tratándose, como é o caso, dun asunto con afectación medio-ambiental, patrimonial e urbanismo/territorial, de especial relevancia e transcendencia na esfera dos intereses individuais e colectivos, e que se proxectan e estenden a un territorio moito máis amplo que o específico do proxecto.

1. A condición de persoa interesa (do art. 4 Lei 39/2015) non esixe necesariamente un interese directo, patrimonial, xa que tamén inclúe os intereses lexítimos que poidan resultar afectados. Intereses lexítimos que deben ser interpretados non restritivamente, ao tratarse, en relación coa protección medio-ambiental (e da saúde), así como os da preservación dos valores patrimoniais e urbanístico/territoriais, nos que a esfera de afectación, ademais de directa é tamén subxectiva. Ditos intereses alegados non poden cualificarse de “xenéricos” ou de mera defensa da legalidade, cando se refiren, como é o caso, a materias que inciden na vida material das persoas e nas súas condicións de existencia.
2. En relación co anterior, os intereses lexítimos afectados non esixen que as persoas teñan bens ou dereitos patrimoniais incluídos no ámbito delimitado da actuación proxectada, dado que os efectos do proxecto, en forma de impacto medio-ambiental (contaminantes, olores, etc), patrimonial, paisaxístico-visual, etc, exténdense a un campo territorial moito maior, tanto en terra como na auga, tal e como consta acreditado no expediente e nos informes sectoriais

emitidos.

3. Sorprende que na Resolución se faga referencia a que os dereitos alegados están a ser respectados en cumprimento da normativa medioambiental. Se tal normativa se cumpre ou non é, precisamente, un dos obxectivos (e dereitos asociados) da condición de persoa interesada, razón pola cal denegar tal condición impide a esta persoa exercer dereitos en relación con tal cumprimento normativo durante todo o procedemento administrativo.
4. Resulta inconsistente e irrelevante fundamentar tamén a denegación en que os intereses alegados xa van ser defendidas por distintas entidades ambientais e non ambientais. Obviamente, o obxecto de recurso é unha concreta denegación de condición de persoa interesada, polo que o obxecto da mesma debe limitarse a tal pretensión, e non ao feito da existencia e concorrencia doutras persoas ou entidades ás que se lle recoñeceu tal condición.

## SOLICITUDE

Polo exposto,

## SOLICITO:

1. Que se teña por interposto este **recurso de alzada** en tempo e forma.
2. Que, estimando o recurso, se **revogue a resolución impugnada** e se **recoñeza a quen subscribe a condición de persoa interesada** no procedemento administrativo relativo ao proxecto promovido por Greenfiber, S.L, cos correlativos efectos legais derivados a tal recoñecemento.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_.

Asinado: